



*** CIRCULAR INFORMATIVA FIN DE CURSO ***

HORARIO:

A partires do VENRES día 01 de Xuño comezará o horario de verán. As clases empezarán á mesma hora, saíndo os autobuses, todos os días, arredor das 15:45 H.

ENTREGA DE NOTAS E FIN DE CURSO:

As notas de Primaria entregaranse o día 22 de xuño, e as de Secundaria o MARTES 26 de xuño a partires das 12:00 horas (este día non haberá servizo de transporte escolar).

As clases rematarán o VENRES 22 de xuño para educación infantil, primaria e secundaria, saíndo os autobuses arredor das 13:00 horas, despois dunha comida fría.

MATRÍCULA:

Tódolos alumnos terán que matricularse para o vindeiro curso 2012 – 2013

As datas de matrícula serán as seguintes:

- *Infantil e primaria: Do 20 ao 30 de xuño.*
- *Secundaria:*
 - *Alumnos con todas as materias aprobadas: Do 25 xuño ao 10 de xullo.*
 - *Alumnos con materias suspensas: Do 05 ao 12 de setembro.*

PARA FORMALIZAR A MATRÍCULA SÓ HABERÁ QUE CUBRIR E ASINAR UN IMPRESO QUE SERÁ FACILITADO NA SECRETARÍA DO CENTRO

COMEDOR:

*Todos os alumnos non transportados e que queiran facer uso do servizo do comedor escolar, segundo a normativa vixente, deberán de cubrir, no momento da matrícula, un impreso que se encontra na secretaría e traer a declaración da renda do ano 2010. Se non se está obrigado a presentala, deberá de solicitar un **certificado de imputación de IRPF en HACIENDA**. Tamén deberá entregar o certificado de familia numerosa, se procede.*

LIBROS BIBLIOTECA:

O 31 de maio acaba o prazo para os prestamos da biblioteca. Aqueles alumnos que necesiten coller algún libro despois desta data deberán solicitalo ao profesor da materia correspondente.

Recordamos que os alumnos deberán devolver os libros e/ou material deportivo do colexio que teñan no seu poder, xa que de non ser así e segundo o regulamento de réxime interno non se lles entregarán as notas.